

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 14

SESION EXTRAORDINARIA DO 6 DE XUÑO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Punte, Miguel	Méndez Piñeiro, María Xosé
Bermúdez Pérez, Silvia	Molares Pérez, Lucía Emilia
Calviño Rodríguez, Julio	Pérez Mariño, Ventura
Coello Bufill, Antonio	Polo Lima, María Soledad
Comesaña Abalde, Carlos	Porteiro García, María Josefa
Couto Pérez, José Manuel	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Sío Lourido, Belén
Fernández Fernández, Amador	Soto Ferreiro, Manoel
Figueroa Vila, José Manuel	Toba Girón, Xabier
Guerra Fernández, Javier Jorge	Vieitez Alonso, Henrique
Iglesias Carrera, José Manuel	

NON ASISTEN:

Alonso Vázquez, Xulio
Graña Barcia, María Luisa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e tres minutos do día 6 de xuño do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Punte, Bermúdez Pérez (con retraso), Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García (con retraso), Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro (con retraso), Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten o Sr. Alonso Vázquez e a Sra. Graña Barcia. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno, e maila Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

UNICO.(121) PROPOSICIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 30/5 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

ANTECEDENTES.- Con data 27 de maio de 2005 o concelleiro delegado de Seguridade solicita a realización dunha modificación de crédito para facer fronte ó custo do cumprimento do acordo acadado con representantes sindicais do Concello relativo á dispoñibilidade horaria da Policía Local. Coa mesma data o técnico de Intervención e o xefe de Fiscalización, Sres. Muradás Blanco e Tizón Martín, respectivamente, coa conformidade da interventora xeral, emiten informe favorable que figura no expediente. Con data 3 de xuño o técnico de organización do departamento de Persoal, Sr. Fernández Carpintero, coa conformidade da Alcaldía-Presidencia, informa do que segue:

“Con motivo da aprobación dun novo programa de dispoñibilidade horaria para o Servizo da Policía Local referido ó período xuño-decembro do ano que andamos, por importe máximo de 652.380,70€ (previsión en función da totalidade dos postos ocupados), que trae causa do informe-proposta do xefe do servizo de data 21 de marzo de 2005, resulta necesario acometer unha modificación orzamentaria para poder facer fronte ós custos do programa.

No vixente orzamento correspondente ó presente ano 2005, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión do 28 de febreiro de 2005, existe un exceso de dotación sobrante na partida 2220.2270601 “Contrato de retirada e custodia de vehículos”, por un importe de 277.907,24€, reducible ó así estar acreditado na proposta do Servizo de Policía, segundo consta no informe remitido pola concellería de Mobilidade e Seguridade á Intervención Xeral de data 27 de maio de 2005, que obra no expediente.

Doutra banda, no vixente orzamento, atópanse vacantes os seguintes postos no servizo da Policía Local, Cód. 212:

- a) 16 prazas de Garda da Policía Local, que corresponden a vacantes que figuran dotadas no orzamento e que corresponden a prazas de nova creación, baixas por xubilación e falecemento dos seus titulares e que serán incluídas na Oferta de Emprego Público de 2005, pendente de aprobación pola Xunta de Goberno Local.
- b) 15 cabos da Policía Local, vacantes a incluír na Oferta de Emprego Público correspondente ó presente ano.

- c) 4 sarxentos da Policía Local, vacantes a incluír na referida Oferta de Emprego Público.
- d) 1 asesor xurídico adscrito a éste Servizo, de nova creación, vacante a incluír na Oferta de Emprego Público correspondente ó ano 2005.
- e) 1 posto de inspector xefe do Corpo da Policía Local, de nova creación a incluír tamén na Oferta de Emprego Público.

Como queira que os postos contidos nos apartados a), b), c) e d) non van ser ocupados cando menos ata o 1 de xullo de 2005, e no caso do apartado e) ata o 1 de xuño ppdo., os seus créditos poderían ser utilizados a trimestre vencido, nunha vindeira modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente e con cargo ós postos e partidas que a continuación se detallan, ó obxecto de sufragar o resto do programa de dispoñibilidade, ata as 10 xornadas previstas:

Cod. Posto	Posto	Servizo	Partida	Dot.	Básicas (Partida 120.00.00)	Complement. (Partida 121.00.00)	Total por praza	Total por dotación
280	Inspector	Policía	222.2	1	6.239,40	15.630,35	21.869,75	21.869,75
49	Ases.Xurídico	Policía	222.2	1	7.487,29	12.195,98	19.683,27	19.683,27
99	Sarxento	Policía	222.2	4	18.947,52	31.728,76	12.669,07	50.676,28
126	Cabo	Policía	222.2	15	58.098,15	95.011,65	10.207,32	153.109,80
134	Garda	Policía	222.2	16	61.971,36	95.735,52	9.856,68	157.706,88
TOT.					152.743,72	250.302,26		403.045,98

Por todo o exposto, e resultando a competencia do Pleno para a aprobación dos suplementos de crédito (art. 177 RDL 2/04) sométese a consideración deste órgano colexiado a seguinte proposta de acordo..."

Polo exposto, a seguir o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación están ausentes as Sras. Bermúdez Pérez e Porteiro García e o Sr. Soto Ferreiro).

VOTACIÓN DA RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN DO EXPEDIENTE NA ORDE DO DÍA.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acordase ratificar a inclusión do expediente na orde do día.

Durante o curso do debate se incorporan os concelleiros Sra. Porteiro García e Sr. Soto Ferreiro.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Agradezo a presenza de todos os corporativos, especialmente dos representantes dos partidos da oposición para tratar dun

programa de dispoñibilidade horaria para o servizo da Policía Local referido ó período de xuño-decembro deste ano 2005.

Como vostedes saben, no primeiro trimestre deste ano prodúxose un cambio na xefatura da Policía Local o que propiciou que ista estea nun proceso de reestructuración que rematará a finais deste ano cuns obxectivos concretos fixados pola xefatura da Policía Local en coordinación coa concellería.

Nesta liña o goberno ten un extraordinario interese en continuar coa potenciación e eficacia da Policía Local que entendemos que é a imaxe da cidade coa rúa e é un asunto que trascende á propia actuación de goberno, é de toda a Corporación, polo que solicito a colaboración de todos os grupos para facer cidade entre todos. A Policía local ten unha soa cor que é o servizo público ós cidadáns, por iso apelo á súa colaboración e solidariedade.

O xefe da Policía Local emite un informe que obra no expediente no que se fundamenta a petición de dispoñibilidade horaria. Pola importancia que ten, referireime ós seus aspectos máis salientables.

O total de funcionarios que compoñen o cadro de persoal é de 370; coma corpo de seguridade presta servizo ó cidadán durante as 24 horas do día e 365 días ó ano. Non conclue sen embargo o papel fundamental da acción policial co labor preventivo, senón tamén co aquel que teñen que facer en coordinación cos funcionarios que están nos despachos, quen facilitan a tarefa dos que están na rúa e sen eles as actuacións serían infinitamente menores e con menos eficacia.

A esta función preventiva hai que lle sumar nalgunhas ocasións a acción represiva que como vostedes saben son os procedementos sancionadores.

A estes servizos ordinarios hai que lles sumar os extraordinarios: desfiles culturais e relixiosos que con carácter anual e inexcusable se celebran cada ano; por exemplo a Procesión do Cristo que temos no mes de agosto.

Neste ano un acontecemento excepcional: para orgullo dos vigueses Vigo vai ser un referente mundial no que atinxe á náutica e ás grandes competicións de vela, a Volvo Ocean Race. Estamos convencidos que a afluencia de visitantes será numerosa así como extraordinario o número de tripulantes, organizacións, medios escritos e de radio e televisións mundiais. Un evento dos que fan cidade e que coa colaboración de todos vostedes na acción de goberno, vai dar a oportunidade de facer de Vigo unha cidade ordenada que é quen de organizar eventos desta categoría e de xestionar eficazmente as demandas de actuacións policiaais que sen súbida se van producir.

A todo isto hai que engadir o disfrute de vacacións da Policía Local de conformidade coas últimas modificacións lexislativas que introducen desequilibrios, moitas veces non asumibles racionalmente por un corpo policial, reducíndose nos dez primeiros días de cada mes do período de vacacións o número de efectivos dispoñibles para garantir as necesidades básicas que unha cidade de trescentos mil habitantes ten en materia policial.

Como vostedes saben a nosa cidade con 117 quilómetros cadrados, habitados case que na súa totalidade na súa variedade de parroquias, fai que os esforzos en medios policiais sexan moito máis considerables. Non é unha cidade de tipo convencional e que asume moitos maiores recursos.

Todos estes servizos extraordinarios condicionan e limitan as posibilidades do corpo para levar a cabo campañas de seguridade viaria, controis de alcolemia e velocidade que xa saben que se realizan habitualmente as fins de semana.

Realizado este diagnóstico que me remitíu a xefatura da Policía Local, o mesmo estudo prevé unha disposición de efectivos para dez xornadas ó ano, concluindo o dito estudo que cos datos aportados garantan en condicións de normalidade un servizo policial acorde cunha cidade moderna, coas necesidades de Vigo, mellorando considerablemente o actual.

En consecuencia co exposto esta concellería e todas as centrais sindicais, para evitar determinadas tensións que puideran desestabilizar o correcto funcionamento do Corpo da Policía Local asinaron o 12 de maio do ano que andamos un acordo con once cláusulas de dispoñibilidade horaria de dez xornadas para o 2005, destacándose por primeira vez a finalidade do mesmo nesas once cláusulas que fan do dito acordo un modelo de eficacia na consecución dos obxectivos ó se establecer condicións que van facer dun xeito garantido que as xornadas se cumpran para o fin que están previstas nese acordo.

Por último solicito de vostedes a modificación da transferencia de crédito que aparece no informe-proposta que se lles remitíu.

SR. SOTO FERREIRO: Se vostede trae a este Pleno unha transferencia de crédito porque unha circunstancia tan extraordinariamente positiva, como non, coma a Volvo Ocean Race fai que se precisen traballos extraordinarios por moitas partes da organización municipal, unha delas a Policía, nada que obxectar.

Se vostede no seu informe inclúe a procesión do Cristo da Victoria ou as vacacións, déixeme dicirlle que eses son traballos ordinarios que de ningún xeito debe incluír aquí, agás que ocorra, como ocorre, que non teñamos o cadro de persoal que debemos ter.

Eu vou votar a favor porque non vou deixar colgado ó Goberno e menos diante da Volvo Ocean Race cunha deficiente organización da Policía Local. Pero despois de lle dicir iso encarázolle que o conxunto do Goberno, xunto cos profesionais da Policía que os hai e moi bos, por certo, nos diga cal é o cadro de persoal real que necesita este Concello e xa lle digo de antemán que estou disposto a aprobalo tamén.

Ise é o camiño e non iste que me parece extraordinario e non o máis axeitado, agás en temas tan fóra do común como é neste caso a Volvo Ocean Race. Cada vez que se dea un evento deste tipo estaremos todos dispostos a axudar para que todos os servizos municipais, coa extemporalidade, con horas extras, co que queiran e sexa preciso para resolver un evento así. Os outros temas que citou vostede son absolutamente ordinarios, que se dan todos os anos e que polo tanto non merecen estar nese informe.

Coido que está clara a postura do Partido Galeguista e polo tanto pídolles que dunha vez por todas poñan o cadro de persoal da Policía Local no seu lugar porque é convenientísimo.

SR. VIEITEZ ALONSO: Imos deixar o aspecto formal da convocatoria deste Pleno en segundo termo e imos entrar no fondo da cuestión que pensamos que é o principal.

Coido que é evidente e todos coincidimos que o servizo da Policía Local é un dos servizos básicos e esenciais que debe prestar a administración local e tamén é o espello dos servizos que presta a dita administración.

Nós tamén estamos porque a prestación deste servizo se faga nunhas condicións dignas, óptimas e sobre todo que se respecten as melloras laborais que ata o de agora se tiñan acadado e nese sentido nós apostamos dende sempre.

Agora ben, o que estamos a ver é unha cuestión que a nós non nos parece en absoluto xustificable. No ano 98, no ano do Goberno do PP, había 353 prazas ou 350 postos, como preferan. No ano 2003 había 407 prazas ou 404 postos e foi na anterior Corporación onde gobernabamos o BNG xuntamente co Partido Socialista. É curioso que para o ano 2005, cun orzamento elaborado por vostedes, temos 411 prazas ou 407 postos, é dicir que mentres a Corporación gobernada polo BNG e mailo PSOE fixo un incremento no caso concreto da

Policía Local dun 15%, vostedes conxelan o cadro de persoal porque neste momento hai só catro prazas máis.

Voltamos á mesma política da época na que gobernou o Partido Popular por maioría absoluta que é conxelamento do cadro de persoal.

A máis o que vemos é que o que fixemos naquel entón e detectabamos unha carencia de efectivos por parte da Policía Local, repercutímolos dun xeito directo na oferta de emprego público. Dai a grande contradicción que existe normalmente entre a dereita e a esquerda, entre as forzas conservadoras e as de progreso. Mentres uns, garantindo as condicións laborais que actualmente rexen, tentamos incrementar o cadro de persoal o que evidentemente incrementa gasto pero iso repercute na oferta de emprego e por tanto na creación de emprego directo, outros o único que fan é conservar o cadro de persoal pero sen embargo o servizo se incrementa no seu custo moitísimo máis.

A concepción da dispoñibilidade horaria debe ser única e exclusivamente coma unha fórmula transitoria para abonarte cando se chegue á fronteira ideal ou alomenos o xustifico para prestar os servizos mínimos e esenciais. Non vemos na argumentación de vostedes que isto sexa unha fórmula transitoria senón que todo o contrario e á proba me remito na concepción dos propios orzamentos.

É máis, non hai unha previsión de cómo se pretende prestar o servizo da propia Policía Local e o único que hai é unha improvisación para saír do paso. Non é isto unha cuestión de carácter coxuntural e o que pretenden vostedes e facer disto algo estrutural.

Permítanme ler dous parágrafos que vostedes utilizan coma argumentación para a propia dispoñibilidade local que coido que son bastante ilustrativos e, por certo, que non respectan nin tan siquera a normativa que temos aprobada por unanimidade neste Concello porque están en español: "No caso de Vigo vemos a necesidade actual de recorrer á reforzos durante sete ocasións ó ano. Se a isto engadimos as dúas xornadas que no 2004 se cederon para resolver o solapamento de vacacións, vemos que esas xornadas de reforzo se elevan a nove no citado exercizo, é dicir, da orde de 720 xornadas. A diferenza coa alternativa do parágrafo anterior os cidadáns non puideron percibir melloras a cambio do grave económico que para as arcas municipais supuxo o abandono dos ditos reforzos", por certo que non se explican as razóns.

O segundo parágrafo di: "O problema sería menor senón fose porque durante o primeiro semestre do ano se conviu coa representación sindical a

realización de seis xornadas de dispoñibilidade horaria para todo o cadro policial...”, é dicir, 1800 xornadas a maiores, aproximadamente, sen que o esforzo económico dera os resultados perseguidos. Vostedes voltan facer un exercizo malabar e aquilo que argumentan en contra da dispoñibilidade horaria, utilízano á súa vez para xustificar a modificación que nestes momentos presentan.

Por certo, ¿nos poden dicir canto nos vai custar a dispoñibilidade horaria? Porque sinceramente non está cuantificado. ¿Vai ser a cantidade que saíu nalgún medio de comunicación? Ou, como debiera ser normal, vestir un expediente en condicións e non como iste que hoxe mesmo, ás oito da mañá, se nos entrega parte da documentación deste expediente.

Danos a impresión de que vostedes non teñen cuantificado canto lles vai custar a dispoñibilidade horaria. Nós si llo podíamos dicir cando no seu momento se puxo esa fórmula transitoria. Recollido o IPC, evidentemente, ¿vai custar no ano 2005 o mesmo que custaron 16 xornadas no ano 2000 que foron 60.000 ptas. ou vai custar 30.000 ptas. cada xornada como anunciaba algún medio de comunicación?

Tamén hai un detalle que coido que deberamos ter en conta e teño que lle preguntar á Sra. Alcaldesa ónde están os cen postos da Policía Local que vostede prometeu nas eleccións municipais. ¿É iste o xeito de implementar cen postos da Policía Local? Que nós saibamos ata o de agora vostedes non implementaron ningunha oferta de emprego público nese sentido, qué menos que tentar de cumprir.

Por último en canto a esta modificación orzamentaria que nos traen hoxe é curioso que hoxe, as oito da mañá, xa nos avisan que non vai ser a primeira porque evidentemente vai haber unha segunda, non vai ser de Pleno porque é do capítulo I, pero ¿vai ser a última? Dígoo porque no expediente non figura canto vai custar esta dispoñibilidade horaria.

E unha pregunta que me da a impresión que a vai respostar o tempo, que non vostedes. ¿Os cartos da dispoñibilidade horaria van ser única e exclusivamente para este ano e só para dispoñibilidade horaria?

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Como xa fixemos na anterior proposta que se truxo ó Pleno sobre a dispoñibilidade horaria, nós queremos poñer o acento na necesaria reestructuración da Policía Local que por suposto pode levar a un incremento do cadro de persoal que hai que considerar, cousa que por desgracia ó mellor non se fixo suficientemente.

Naquel intre votamos a favor advertindo que era importantísimo facer esa reorganización. Afortunadamente parece que estamos nela aínda que non se empezan a ver demasiados froitos pero confiamos en que se poidan ver a curto prazo polo bo funcionamento do Corpo da Policía e porque os cidadáns o vexan a cotío.

Lamentablemente cremos que ese esforzo supón que se faga ese incremento do cadro que está comentado porque o problema que todos os que tiveron algunha responsabilidade cerca da Policía sabe que nos meses de verán ese problema estrutural vai existir sempre; por razóns legais as vacacións convírtense practicamente en corenta días, ese famoso solapamento do que fala o xefe da Policía Local no seu informe e é algo que hai que prever e estudar porque senón estaríamos sempre co mesmo problema.

Mentres se sega con esa situación que por imperativo legal se vai seguir dando, vai ser imprescindible resolver cara o futuro ese problema. Non só os acontecementos extraordinarios son a causa do problema á hora de facer os cuadrantes diarios para asegurar a imprescindible presenza da Policía Local nas rúas, senón que ese problema hai que o estudar dabondo e dunha vez por todas resolvelo.

Confiamos que dentro desta reorganización da Policía Local poidan seguir poñendo solucións para que este problema non se volva dar.

Mentres tanto imos facer un novo exercizo de responsabilidade, como xa fixemos no seu momento absténdonos, para permitir que este goberno municipal teña un orzamento no seu momento e agora que dispoña dos medios policiais suficientes para que se poidan abordar os meses que quedan do ano e consecuentemente imonos abster neste único punto da orde do día porque o voto favorable non podemos dalo con toda a garantía debido a que seguimos a crer que o imprescindible é facer esa reorganización que realmente asegure unha presenza da Policía e non seguir acudindo a feitos extraordinarios como son realmente as xornadas de dispoñibilidade.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Soto, nas conversas que teño co xefe da Policía que é o técnico que coñece cómo hai que manexar e as necesidades de recursos humanos que temos, manifestoume que o cadro de persoal idóneo para unha cidade coma Vigo sería de 450 policíaas.

En segundo lugar, como ven de corroborar o Sr. Calviño e eu dixen cando me remitín ó informe, en épocas de vacacións por normativa lexislativa é dificilmente asumible o cadro que nos queda para responder a todas as

necesidades que se presentan na cidade. Agradezo o seu voto e quedo á súa disposición.

Sr. Vieitez, no ano 2003 non houbo oferta de emprego público co que chegamos a este ano coa posibilidade, aínda que está complicado, de sacar 26 postos para a Policía Local. Sei que naquela época vostedes tamén fixeron un esforzo, no ano 2000, cando gobernaban vostedes, hai un expediente de dispoñibilidade horaria da Policía Local e aquí están as contías.

Cuantificamos tamén no informe desta mañá, e teñen que perdoar vostedes por chamar a esas horas á súa porta, a cuantificación que carecía o informe preceptivo e que como saben vostedes por ese informe proposta está nun máximo de 650.000 € que con toda seguridade non se van utilizar pero ó único que vimos a este Pleno é a ratificar ese traspaso en unha transferencia de 270.000.

Sr. Calviño, agradezo de verdade a súa postura persoal e a do seu grupo. Eu digo que estar no soto imprime carácter a algunhas persoas e sábese o esforzo que hai que facer no día día para estar nese posto. Sei que vostedo o fixo e parece que pasar por aí fainos solidarios nalgunhas posturas que non son persoais senón que de cidade. No nome do meu grupo agradézolle profundamente a súa posición.

Coido que o tema da Policía Local para calquera equipo de Goberno, o de agora ou o do día de mañá, é algo fundamental para os cidadáns. Estamos nese proceso de reestruturación da Policía que como vostedes saben recentemente tomamos decisións, cousa que ten que facer o goberno, como foron os cambios na cúpula da Policía Local, coido que estamos no bo camiño, que as accións que se están a tomar son as acertadas e invito a todos os Grupos que están representados neste Pleno e que me merecen o maior respecto, que se constitua unha comisión de seguimento para esa reestruturación que coido que os membros da Policía Local e a súa xefatura agradecerán porque todas as aportacións neste ámbito son absolutamente necesarias e imprescindibles.

Fago ese ofrecemento respostando tamén ós posicionamentos que houbo e espero que antes de finais de ano haxa unha reestruturación profunda, con conclusións e que teñamos unha Policía Local que nos garanta a estabilidade e a seguridade de todos os vigueses e que poidamos disfrutar dunha cidade en perfecta harmonía.

SR. TOBA GIRÓN: Por parte do grupo municipal do BNG sempre hai intención de colaborar en calquera cousa que teña que ver con reestructuracións que contribúan a un mellor funcionamento dos servizos municipais. Sr. Coello, ten ese ofrecemento dende hai meses feito por min mesmo directamente e expresado neste Pleno cando hai un tempo tivémonos que enfrontar, xa non a un expediente de dispoñibilidade horaria, senón a un recoñecemento extraxudicial de crédito para pagar un expediente de dispoñibilidade horaria que iso é de Guinness, é a primeira vez que vexo un expediente extraxudicial de crédito para pagar nóminas e algo teño visto.

Alí tivo aquela oferta expresa, Sr. Coello, e tamén posteriormente feita por min mesmo pero vostede non aceptou ou non respostou positivamente.

A primeira noticia que nós temos disto é polos periódicos e mire se é así que non sabemos canto custa o expediente que nos trae a Pleno hoxe. Sabemos que é unha modificación pero non sabemos canto custa porque non sabemos o custo unitario de cada xornada, no expediente non está, ¿topouno alguén? A ver se vai resultar que algúns non o atopamos. Non está porque o ocultaron e sen embargo saíu a cifra nos periódicos, Sra. Presidenta.

¿É fiable para os corporativos e corporativas que temos que tomar decisións, comunicarnos reestructuracións polos xornais? ¿É ise o camiño para a búsqueda do acordo e da reestructuración pactada? No, Sr. Coello. Pero a segunda noticia que tivemos deste expediente foi o xoves pasado, nun tris de ter que entrar na xuntanza do Consello da Xerencia, o Sr. Coello retívome fóra e por isa razón, Sra. Presidenta, vou aparecer como ausente nesa xuntanza precisamente por atender ó Sr. Coello, entre outras cousas porque me pareceu un asunto o suficientemente importante o tema da Policía Local.

¿Para qué? Informoume o Sr. Coello que ía falarme de dispoñibilidade, que xa me enviara unha documentación que efectivamente a enviara porque lla pedira eu á vista das noticias dos periódicos, que non ma enviou de motu propio. E mire a casualidade que ese mesmo xoves, ás 16,55 horas que asinei a notificación, recibo a notificación de convocatoria extraordinaria de Pleno para hoxe. ¿Iso é querer falar de reestructuración?

Habrá grupos na oposición que estean dispostos a tragar carros e carretas, cada quen que o interprete como lle pareza, pero o BNG non. Se se quere contar con nós e discutir con seriedade estamos dispostos, Sra. Presidenta e Sr. Coello, ten o ofrecemento persoal meu. Se o que se pretende é unha tourada cos grupos da oposición alá os grupos da oposición que entren ó capote pero o BNG non o vai facer.

Voulles dicir tres cousas: en primeiro lugar reincidenten na equivocación da improvisación, non tiñan dotación orzamentaria no orzamento, esta vez cólleno a tempo e non se van ir ó recoñecemento extraxudicial. Fixese se improvisaban que utilizan agora para esa dispoñibilidade unha partida que tiñan adicada para contratar guindastres. Dobre improvisación, por unha parte non contemplaban no capítulo I as partidas necesarias e en segundo lugar contemplaban no capítulo II para guindastres unha cantidade que, como xa lles dixen daquela no debate orzamentario, era excesiva. Agora danse de conta, caen do guindo e corrixen; parécenos ben porque as dúas partidas son do seu orzamento, Sr. Coello.

¿De qué reestructuración me fale se vostedes traen un orzamento aquí no mes de febreiro que se aproba coa abstención do Grupo Socialista e estamos no mes de xuño e me ven vostede falando de reestructuración? Sr. Coello, improvisa vostede tanto que improvisa sobre o contrato dos guindastres do que non sabía nin a cantidade á que se ía e improvisa sobre o capítulo I, vostede non tiña pensado isto á vista dos orzamentos.

Primeiro improvisación, de reestructuración nada.

Segundo: a política de vostedes é a de sempre. Hai un problema que nos presentamos no ano 99 que era a curtedade do cadro da Policía Local e, por certo, de Bombeiros que tamén era curto. Por iso precisamente unha das prioridades do Goberno anterior foi aumentar os cadros de persoal. Cando se ve que algo non pode funcionar porque o cadro é moi curto, preténdese o seu aumento.

Precisamente con ese obxecto no mes de decembro do ano 99 realizouse unha comisión informativa extraordinaria que tratou dun acordo estrutural a respecto da Policía Local. Busquen. Nese acordo se propuña un incremento do cadro, falábase de 120 aínda que podía ser discutible e propúñase temporalmente un acordo de dispoñibilidade para cubrir a carencia inmediata pero o traballo de fondo era aumentar o cadro e iste non se pode aumentar de cero a 120 nun orzamento, hai que ir aumentando nunha actuación programada que debe ser da Corporación e que nace dese acordo que foi de toda a Corporación pero que vostedes descoñecen, Sra. Presidenta.

Eu falo de cadros de persoal, déixense de convocatorias de concurso porque a convocatoria de oferta de emprego público do ano 2003 xa non foi responsabilidade do goberno anterior, foino de vostedes e doutro responsable de persoal daquel intre pero o cadro de persoal estaba aprobado. Déixense de buscar e esquivar responsabilidades e asuman a súa que para iso gobernan.

Entre os anos 98 e 2003 o cadro de persoal aumentou un 15%, non me fale de efectivos, fale de cadro de persoal, sexa rigoroso, métalle algo de rigor a isto. Non podía aumentar un 50% en catro anos porque non sería posible, nin siquera seríamos quen de xestionalo pero debe haber un traballo en progresión, traballo que vostedes curtan porque no orzamento de 2005, coa colaboración dalgún grupo da oposición, o que fan é conxelar o cadro de persoal; exactamente non porque o que fan é incrementar o gasto porque reconvirten prazas de garda a prazas de cabo nun mecanismo solememente irregular que xa lles discutín daquela pero que utilizan para abaratar a promoción interna cando o que tiñan que facer era crear as prazas de cabo á parte pero reconvirten prazas ocupadas para abaratar a promoción interna. Ista é a razón.

Sr. Coello, póñanos unha reestructuración enriba da mesa e debatámola, poñámonos a traballar nela pero vostede volve co mesmo.

Terceiro: aquí os acordos van cada vez a peor. Citaba vostede o acordo do ano 2000, téño aquí e negocieuno eu e coñezoo: 16 xornadas por 160.000 ptas., vostede nin siquera me pode dicir iso porque non sei nin o que custa cada xornada pero me vou crer os datos dos xornais se mo permite, 30.000 ptas. Desmíntao, é o triple. ¿Iso é xestión rigorosa?

300.000 pesetas por dez xornadas fronte a 160.000 por 16. Iso é un desastre pero, xa que vostede fai mención dese acordo do ano 2000 voulle ler o segundo parágrafo do punto 2º: "A percepción dos citados importes condiciónase á prestación efectiva das xornadas". Aquí se cobra máis se se traballa máis porque para o que se está facendo xa está a nómina. No seu expediente vostedes non condicionan a nada e sentan un precedente horrible porque se aumentaron os custos do cadro de persoal, como debe ser polo aumento dese cadro, e aumentan os custos da produtividade é que estamos entrando na lei de rendementos decrecentes.

Cuarto: Sr. Coello, voulle facer unha pregunta: ¿qué absentismo temos agora na Policía Local? ¿Cal é o valor dese absentismo? Neste expediente non está. Se queremos falar de reestructurar temos que falar de cadro de persoal, de absentismo, mesmo de avaliar a eficacia das medidas adoptadas en anos pasados que poden ter perdido eficacia pero hai que falar de todo isto e facelo con rigor.

Vostedes improvisan ata tal extremo que vostede fala comigo o xoves pola mañá, convócanme a Pleno ás 16.55 dese mesmo xoves e o último documento do expediente chéganos hoxe ás oito e doce minutos da mañá, tamén está asinada por min a recepción.

Sra. Presidenta, espero non ser interpelado e chegado o caso, se é así, que vostede me protexa.

SR. PÉREZ MARIÑO: En primeiro lugar quero dicir ó Sr. Coello que non nos ten que agradecer nada porque imos votar abstención mirando para o outro lado. Como lle dixo o meu compañeiro o Sr. Calviño, a operación que vostede está a facer é froito da improvisación.

Nós facemos nosas a inmensa maioría dos criterios que expuso o Sr. Toba e polos que o BNG presumiblemente vai votar en contra. A nosa diferenza con eles é que chegado este punto de crítica total, por iso non quero ningún agradecemento no nome do meu grupo, é que se nos presentan dúas alternativas porque a necesidade existe e como a cidade sufriría un menoscabo se por culpa da súa falla de previsibilidade votáramos en contra, inclinámonos unha vez máis por facer algo co que non estamos de acordo pero en función dunha obxectiva necesidade que hai de que se produzan máis xornadas na Policía Local.

Por isto, facendo nosa a crítica, non querendo para nada o seu agradecemento porque o agradecemento é a nosa conciencia do que é a nosa función e do que son os nosos obxectivos que teñen de pasar inevitablemente, como os de todo o mundo, polo ben da cidade, imos abstermonos para permitir que a cidade teña esa presenza da Policía Local que doutro xeito non tería.

SR. SOTO FERREIRO: Déixeme empezar por dicir que estou totalmente de acordo coas palabras que ven de dicir o Sr. Pérez Mariño agás que o fixera en castelán. Por certo, non lles volvo votar ningún acordo a favor se non ven en galego como temos regulamentariamente establecido neste Concello. Que conste en acta que non volvo votar a favor de ningún expediente se non ven redactado en galego, non lle pido a ningún funcionario que saiba falar galego pero temos un excelente Servizo de Normalización Lingüística para o facer.

Dito isto e despois de manifestar que hai moitas eivas, tivérame gustado discutir este tema de vagar, nunha comisión da que vostede fala agora, Sr. Coello, pero tería que o ter feito antes. Para estudar todos estes problema se falase antes seguramente aforraríanos este tema.

Mesmo a min me parece que ten moitas eivas este expediente pero salvagardando as distancias que son moitísimas, Sr. Toba, se o que facemos os outros grupos da oposición tentando coa nosa responsabilidade cubrir as

eivas e o mal facer do goberno é unha "tourada" o seu é unha "charlotada" porque logo de ter derrubado ó goberno que lexitimamente había, poñen vostedes un goberno segundo vostede incapaz en tantas cousas, agás no Plan Xeral, e ademais adícanse a políticas de acoso e derrubo electoral de tres ó cuarto, na miña opinión.

Iso pode ser un exceso de electoralismo nunha circunstancia determinada, a "charlotada" é derrubar un goberno e logo negarlle o pan e o sal, ser conscientes de que os poñemos no goberno e logo, como teñen tantas carencias, votarlle en contra dos orzamentos, etc., e que a cidade non funcione. Iso é unha "charlotada" política. Polo menos teña vostede a prudencia de non nos poñer ós demais na picota de lle ter que respostar así porque non me gusta pero ata aí podíamos chegar.

Vostede fixo hoxe un ofrecemento, Sr. Coello, que tiña que ter feito moito antes. Na miña modesta opinión este Concello ten a sorte de ter un extraordinario profesional ó fronte da Policía Local. Pero unha Policía Municipal non se goberna nin con ratios que sería fácil porque iso o pode facer calquera, só hai que estudar as particularidades de cada cidade para, en función duns ratios xa establecidos de policía por habitantes, etc., determinar qué cadro necesita esta cidade.

Se algo debiera ser en moitos aspectos pouco discutido no Pleno da Corporación é o tema da Policía Local.

Déixenme facer unha paréntese: dende logo, salvando todas as distancias que son infinitas, eu non me quero sumar ó que me parece unha absoluta irresponsabilidade do PP a nivel do estado co tema da política terrorista e aquí felizmente estamos a unha distancia abismal. Esa irresponsabilidade trasladada como dixen en distancias abismais, na miña opinión debe de se producir cando se fala da Policía e temas de seguridade. Teríamos que ter todos a responsabilidade de ser quen nesas temas de discutilos en comisións máis privadas para analizar polo miúdo os distintos temas e quitar á luz pública resultados obxectivos de determinacións corporativas. Con iso dame igual se me queren acusar de falla de transparencia, é un puro exercizo de responsabilidade en temas de seguridade. ¿Ou é que lle imos dar ós delincuentes as armas de lle estar contando aquí con todos os datos qué vai facer, cando, cómo e por onde vai andar a Policía? ¿Ou lle imos estar comentando as nosas discrepancias para menoscabar a autoridade da Policía? Porque dalgún xeito se menoscaba cando se fan cousas coma ista e seino moi ben despois de ter o orgullo de mandar a esta extraordinaria Policía durante doce anos.

Non é este o xogo, nin por parte duns nin por parte doutros. Eu si que recollo a súa tardía chamada, Sr. Coello, e por favor non nos volvan emprazar cun expediente deste tipo e menos en temas de seguridade.

A PRESIDENCIA: Escuso dicir que todos coñecemos as tácticas de despiste político cando queren desviar o discurso e penso que o seu é única e exclusivamente para tapar a insolidariedade ante a cidadanía con temas tan importantes como vai ser a Volvo Ocean Race.

De todos os xeitos teño que dicir que teñen toda a razón co tema do expediente en castelán e procuraremos que non volva pasar.

Tamén quero dicir que nós chegamos a acordos cos traballadores, co Comité de Persoal e a oferta de emprego público non a aproban vostedes e non a mandan ó Boletín Oficial do Estado, polo tanto no 2004 non se pode aprobar, entre outras cousas porque non temos orzamento, pero cando chegamos ó 2005 nós si que somos quen de aprobar esas prazas que son 48 na Policía, nin máis nin menos.

Por iso penso que cando remate o mandato imos ter cen policíaas máis neste Concello que son os necesarios e esperamos chegar a acordos con todos vostedes.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu non vou permitir e non debo facelo democraticamente que unha vez máis se nos acuse de insolidariedade cun tema importante para a cidade ó grupo do BNG porque manifeste democraticamente como estamos a facer aquí a súa discrepancia.

Nós non somos insolidarios con esta cidade, os membros do Grupo municipal do BNG estamos aquí para velar porque os cartos públicos sexan xestionados do mellor xeito posible e como se ven de demostrar neste debate ista non é a mellor forma para xestionar cartos públicos porque esta dispoñibilidade horaria vana pagar, non vostedes nin nos, senón todos os cidadáns de Vigo polo tanto xa está ben de retomar o pasado e non sei que máis, porque iso si que é demagogia, e xa está ben de acusar de insolidariedade cando estamos en desacordo con algo que vostedes queren facer.

Se os demais grupos, que teñen toda a lexitimidade do mundo, aproban este tema e manifestan que o aproban por solidariedade e polas outras cuestións que aquí se dixeron, nós tamén temos a lexitimidade para nos opoñer a este expediente entre outras cousas porque nos parece que non se gastan os cartos de todos os vigueses e viguesas como se deberían e pódese facer unha boa reestructuración da Policía, pódese facer un bo servizo e atender ás

necesidades que os cidadáns teñen tamén en seguridade para todos estes eventos sen facelo deste xeito.

A PRESIDENCIA: A cidadanía é quen nos xulgará a uns e a outros.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con once votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia, sete abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Punte, Calviño Rodríguez, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido e sete votos en contra dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a aprobación inicial da modificación de crédito núm. 30/05, consistente no suplemento de crédito da partida 121.0.150.00.00, productividade, aplicando o crédito derivado do exceso de dotación sobrante na partida 2220.2270601 -contrato de retirada e custodia de vehículos- por un importe de 277.907,24€, de conformidade co informe da Intervención Xeral de data 27 de maio de 2005.

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no art. 169 do RD 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

S.Extraord. 06.06.05